



A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Lingua e
Literatura Galega
1º Bacharelato

1. Un mundo de linguas

Na actualidade, fálanse no noso planeta arredor de **7000 linguas** diferentes, aínda que só hai uns 200 estados. Polo tanto, o máis habitual no mundo é que os estados sexan **plurilingües** e non **monolingües**, é dicir, que neles se fale máis dunha lingua e non unha soa.



1. Un mundo de linguas

O reparto de linguas por estado non é equitativo.

Hai algúns estados (realmente, moi poucos) que son monolingües. Exemplo: Liechtenstein, onde só se fala o alemán.

O máis xeral é que sexan plurilingües, que neles se falen varias linguas.

Exemplo: Alemaña, onde se fala o alemán, o baixo alemán, o frisón, o dinamarqués, o sorabo e o romaní.



1. Un mundo de lenguas



**“O plurilingüismo é o normal.
O monolingüismo, a excepción”.**

2. Linguas maioritarias e linguas minoritarias

Segundo a porcentaxe de falantes dunha lingua distinguimos entre:

- **Lingua minoritaria:** é a que ten un menor número de falantes nun territorio determinado.
- **Lingua maioritaria:** é a que ten un maior número de falantes nun territorio determinado e ás veces, non sempre, é tamén **dominante**, goza dun gran prestixio social, determinado pola existencia dun **poder político-económico que a potencia**. Cantas máis funcións matrices cumpra unha lingua, maior prestixio social acada. Estas funcións non son permanentes van mudando segundo as circunstancias históricas ou xeográficas, por exemplo.



2. Linguas maioritarias e linguas minoritarias


Unha lingua pode ser minoritaria ou maioritaria dependendo do territorio que tomemos como referencia.

Por exemplo: o castelán en España é lingua maioritaria e en Estados Unidos é lingua minoritaria.

10 IDIOMAS MAIS FALADOS NO MUNDO



Idiomas com mais de 50 milhões de falantes nativos
(Em milhões de pessoas)



2. Linguas maioritarias e linguas minoritarias





“Ningunha lingua é mellor nin peor polo feito de ter máis ou menos falantes”.

3. Linguas minorizadas e linguas de prestixio

- Unha **lingua minorizada** é aquela que sofre algún tipo de discriminación ou marxinación con respecto a outra considerada como máis poderosa e idónea para o uso, a que chamamos **lingua dominante** ou **lingua de prestixio**.
- A lingua minorizada ten, polo tanto, un emprego restrinxido: non está presente en todos os ámbitos, ten **restrinxida** total ou parcialmente **as súas funcións sociais**.

No proceso de minorización da lingua galega, retraeuse aos ámbitos rurais e os usos familiares e de **menos prestixio**; mentres que o castelán se foi implantando nos usos formais e prestixiosos e nos espazos urbanos. Daquela, a lingua autóctona vai perdendo consideración (fenómeno de **restrición**). Pola súa banda a lingua foránea vai medrando en ámbitos de uso e estatus (fenómeno de **expansión**).





Algunhas linguas minorizadas de Europa

O número de falantes dun idioma non é un factor moi relevante para que unha lingua se considere minorizada. O **islandés** con 200.000 falantes, ten asegurada a súa supervivencia, pois é idioma nacional e oficial en Islandia; mentres, o **galego** ou o **catalán**, con máis falantes están en situación de minorización.

A minorización lingüística non é natural, senón o resultado de procesos históricos nos que predominan políticas de asimilación e dominación duns grupos sobre outros.

A situación das linguas minorizadas non é homoxénea, depende de moitos factores:

- A **oficialidade**. Moitas son linguas sen Estado ou carecen dun recoñecemento legal que as protexa. Aínda que, ás veces, as linguas oficiais dalgúns estados están minorizadas. Exemplo: o gaélico irlandés.
- A aplicación dunha **política lingüística** que teña como obxectivo a **normalización** e **dinamización** dese idioma en recesión. Centrada na recuperación de espazos de uso e presenza.
- A **distribución xeográfica**. Unha lingua pode estar minorizada nun estado e ser oficial noutro (caso do francés no Quebec e en Francia).
- O carácter **oral ou escrito** e a existencia de ferramentas como unha gramática, dicionarios, normas de uso...
- O grao de **conciencia lingüística dos falantes**.
- En xeral, a situación das linguas minorizadas adoita ser preocupante. O 47% das 6.000 linguas do mundo está ameazada ou en serio perigo de extinción.

É o galego unha lingua minorizada?



Parece que si...



Campaña nas redes para Ikea deixar de discriminar o galego



A presenza do galego na investigación é moi reducida

Venres 6, Abril 2018 | Cultura

"Hai máis autores que nunca, pero deixouse de publicar banda deseñada en galego"



Marcos Pérez Peña | @marcosorrezoena

Apenas 4'6% da programación infantil diaria é en galego e na fin de semana cae a 2,7%

REPORTAJE:

La agonía de la prensa en gallego

El cierre de la mayoría de cabeceras escritas en el idioma propio de Galicia obliga a explorar nuevos soportes - Los directores se quejan de la falta de apoyo

Parece que si...



4. A importancia da diversidade lingüística

Hai quen considera a diversidade lingüística como algo negativo, pensando que sería moito máis práctico que só existise unha **única lingua** para toda a humanidade, para que todas as persoas puidésemos comunicarnos sen problemas...



E ti es dos/as que opinan así?

4. A importancia da diversidade lingüística

Un mundo cunha única lingua tería quizais vantaxes de comunicación, pero sería un mundo moi aburrido e desde logo moito máis pobre.

Ademais de servir para comunicarnos, as linguas tamén son as **portadoras de diferentes culturas, con diferentes historias e con diferentes formas de ver o mundo.**



4. A importancia da diversidade lingüística

“Cada lingua supón un modo orixinal e único de describir o mundo, calquera lingua posúe un pequeno tesouro de palabras únicas, orixinais, sen equivalente nin tradución a outros idiomas, conceptos novos ou matices valiosos que se perden sen remedio cando algunha variedade lingüística morre. Non debemos esquecer que as linguas son o vehículo do saber e que polo tanto a morte dunha lingua implica a extinción dunha cultura”.

Manuel Núñez Singala